



C O N C E L L O
DE
FORNELOS DE MONTES
(PONTEVEDRA)

CONCURSO-OPOSICION LIBRE PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE FUNCIONARIO PERTENCENTE Á ESCALA DE ADMINISTRACION XERAL, SUBESCALA AUXILIAR ADMINISTRATIVA DO CONCELLO DE FORNELOS DE MONTES

ACTA DO SEGUNDO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN

No Salón de Actos da Casa do Concello de Fornelos de Montes, sendo as doce horas e trinta minutos do día sete de xuño de dous mil dezaoito, en cumprimento do Decreto da Alcaldía de Fornelos de Montes de data 17 de abril de 2018, e consonte o acordado polo tribunal coa aceptación expresa da única candidata existente, reúnense os integrantes do Tribunal que se constituíu para valorar os méritos dos candidatos e realizar os exercicios da fase de oposición no concurso-oposición libre para a provisión dunha praza de funcionario pertencente á Escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar Administrativa do Concello de Fornelos de Montes.

Presidente:

Don José M^a Santaló Rodríguez,

Secretario:

Dona M^a del Rosario González Sánchez,

Vogais:

Monica Barreiro Estévez, Elvira Crespo Casal e José Antonio Lorenzo Pérez

O Sr. Presidente declara constituído o Tribunal, realizándose acto seguido a proba correspondente ó segundo exercicio da fase de oposición. Será un exame práctico de carácter obrigatorio e eliminatorio, consistente en resolver, na orde que estableza o tribunal, seis casos prácticos relacionados coas funcións a desenvolver no posto, cunha duración dez minutos por caso práctico, para cada unha das materias que ao final se indican, sendo necesario para aprobar obter un mínimo do 50% da puntuación máxima en cada un dos casos prácticos.

Tras dialogar o tribunal sobre o contido dos casos, que quedan unidos ao expediente, realízase esta proba práctica pola única candidata presentada, que non esgota o tempo máximo establecido, e reitera expresamente o seu desexo de realizar de inmediato o último exercicio, en caso de resultar aprobada, en aplicación do indicado no segundo parágrafo da Base Cuarta das que rexen a convocatoria.

O resultado da proba é o seguinte:

Apelidos e nome

D.N.I.

Boullosa Peralba, Vanesa

36165795C



C O N C E L L O
DE
FORNELOS DE MONTES
(PONTEVEDRA)

Puntuación Obtida no 2º exercicio

- Tramitación de Expedientes utilizando a plataforma de administración electrónica Gestiona. Tramitacións do rexistro de entrada e saída de documentos da Xunta de Galicia co programa AIRES. Puntuación: 3 puntos.
- Xestións de empadramento e censo electoral utilizando o Programa Wurth de Padrón de habitantes. Puntuación: 1 punto.
- Xestión do Arquivo, utilizando o Plataforma de catalogación e difusión para a explotación do patrimonio arquivístico e bibliográfico (ATOM) e o cadro de clasificación do Arquivo do Concello de Fornelos de Montes. Puntuación: 2 puntos.
- Trámites dos expedientes de contratación utilizando a Plataforma de Contratación do Estado, o Perfil do Contratante e o Rexistro Público de Contratos. Puntuación: 2 puntos.
- Xestións do Rexistro Civil utilizando a aplicación INFOREG. Puntuación: 1 punto.
- Xestión do programa FACE de rexistro de Facturas e do rexistro municipal de facturas e cálculo do período medio de pago. Captura de informes e mecanización de datos co programa Wurth e contabilidade. Puntuación: 1 punto.

Puntuación total do exercicio: 10 puntos.

O Tribunal acorda convocar á única candidata aprobada para a celebración do terceiro exercicio, ás 13:30 horas, no Salón de actos da Casa Consistorial.

Rematado o acto, polo Sr. Presidente levántase a sesión sendo as trece horas e quince minutos da data expresada ao comezo, estendéndose a presente acta que asinan en proba de conformidade tódolos asistentes, comigo o secretario, que CERTIFICO.

O PRESIDENTE

José M^a Santaló Rodríguez

O SECRETARIO

M^a del Rosario González Sánchez,

VOGAIS:

Mónica Barreiro Estévez

Elvira Crespo Casal

José Antonio Lorenzo Pérez